

**REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
DO CENTRO DE POSGRAO, TERCEIRO CICLO E
FORMACIÓN CONTINUA (CPTF) DA USC
(CONSELLO DE GOBERNO DO 26 XULLO DE 2006)**

Art. 1 O Centro

O Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (CPTF), creado pola Xunta de Goberno na súa reunión do 22 de decembro de 1998, ten como finalidades a coordinación e o desenvolvemento dunha variedade de estudos de terceiro ciclo, de posgrao propio e de formación continua que dea resposta a diversas demandas da nosa sociedade, tendo como obxectivo central a calidade da oferta.

Art. 2 Estructura

Son órganos de Goberno e de Administración do CPTF:

- O/A Vicerreitor/a con competencias no CPTF.
- O/A Vicerreitor/a Adxunto/a con competencias no CPTF.
- O/A Director/a do CPTF.
- O Equipo de Goberno do CPTF, integra, xunto aos anteriores, a:
 - un/unha Subdirector/a de doutoramento,
 - un/unha Subdirector/a de posgrao ,
 - un/unha Secretario/a académica de doutoramento, que o será da correspondente comisión,
 - un/unha Secretario/a académica de posgrao, que o será da correspondente comisión.

O/A Director/a e os/as Subdirectores/as terán a condición de cargo unipersonal nos termos que establezan os Estatutos da USC.

Para mellor orde das sesións do Equipo de Goberno, o/a Secretario/a da Comisión de Doutoramento, o na súa ausencia o/a secretario/a da Comisión de Posgrao Propio, exercerá as funcións de Secretario/a do Equipo de Goberno, encargándose de recoller en acta os acordos.

Para o seu funcionamento ordinario, o Centro dótase das seguintes comisións:

- A Comisión de Doutoramento.
- A Comisión de Posgrao Propio.

Art. 3 Goberno do Centro

1. O Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua dependerá dun/dunha Vicerreitor/a con competencias sobre o mesmo, sendo asistido polos outros membros do Equipo de Goberno sinalados no artigo 2.
2. O/A Vicerreitor/a preside o Equipo de Goberno do CPTF e as Comisións de Doutoramento e Posgrao Propio, poidendo delegar, cando sexa preciso, as respectivas presidencias no Vicerreitor/a Adxunto/a ou no/a Director/a.
3. É competencia do/a Vicerreitor/a propoñer ao/á Reitor/a o nomeamento e cesamento do/a Director/a , dos/das Subdirectores/as e dos/das Secretarios/as académicos/as.
4. Son funcións do/da Director/a do CPTF, que deberá realizar consonte as directrices do/a Vicerreitor/a, as seguintes:
 - a. A representación do Centro.
 - b. A vixilancia e cumprimento da legalidade en tódalas actuacións do CPTF.
 - c. A dirección da política académica do CPTF.
 - d. A execución dos acordos das Comisións.
 - e. A proposta de Convenios para realización de teses de doutoramento na modalidade de cotutela.
 - f. O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así coma aquelas outras que se deriven dos Estatutos da USC e da lexislación universitaria.

Corresponde ao Equipo de Goberno o exercicio das funcións administrativas de dirección do Centro.

Art. 4 A Comisión de Doutoramento

1. A Comisión de Doutoramento estará integrada polo/pola Vicerreitor/a, en calidade de Presidente/a, polo Vicerreitor/a Adxunto/a, polo/pola Director/a por un/unha Subdirector/a de Doutoramento e un/unha Secretario/a académico/a de doutoramento, e dez membros máis.
2. A proposta do Consello de Goberno e por un período de catro anos o/a Reitor/a nomeará 12 membros para a Comisión de doutoramento. Tódolos seus membros serán Catedráticos/as ou Profesores/as Titulares da USC con un sexenio de investigación como mínimo, garantindo a presenza dos campus de Santiago e Lugo e das cinco grandes áreas.
3. O/a Subdirector/a e o/a Secretario/a académico/a serán nomeados polo/a Reitor/a, a proposta do/a Vicerreitor/a, de entre os membros da Comisión propostos polo Consello

de Goberno. Cesarán por dimisión ou por decisión do /a Reitor/a, a proposta do/a Vicerreitor/a.

4. A Comisión de Doutoramento terá unha Comisión Permanente integrada polo/a Presidente/a, o/a Vicerreitor/a Adxunto/a, o/a Director/a, o/a Subdirector/a, o/a Secretario/a académico/a e tres membros da Comisión elixidos por esta. A Comisión Permanente resolverá os asuntos de trámite e aqueles asuntos que lle sexan expresamente encomendados pola Comisión de Doutoramento.
5. O/A Secretario/a levantará acta e dará fe dos acordos da Comisión.
6. Son competencias da Comisión de Doutoramento:
 - a. Aproba-los programas de doutoramento.
 - b. Aproba-los tribunais únicos de cada programa de doutoramento.
 - c. Admitir a trámite as teses de doutoramento.
 - d. Designar os tribunais de teses.
 - e. Aprobar, previos os informes preceptivos, a defensa pública das teses de doutoramento, incluído as modalidades de Doutoramento Europeo e cotutela.
 - f. Resolve-las alegacións ás teses de doutoramento.
 - g. Autorizar, a proposta dos Departamentos, os recoñecementos de créditos e validacións dos alumnos de Doutoramento.
 - h. Tratar calquera outro tema a proposta do/a Presidente /a da Comisión no ámbito dos estudos do Terceiro Ciclo.
 - i. As que figuren nos Estatutos, no Regulamento dos estudos de Terceiro Ciclo da USC e no Real Decreto regulador dos estudos do Terceiro Ciclo.

Art. 5 A Comisión de Posgrao Propio

1. A Comisión de Posgrao Propio estará integrada polo/a Vicerreitor/a, en calidade de Presidente/a, polo/a Vicerreitor/a Adxunto/a, polo/a Director/a, por un/unha Subdirector/a de Posgrao e un/unha Secretario/a académico/a de posgrao, e dez membros máis.
2. A proposta do Consello de Goberno e por un período de catro anos o/a Reitor/a nomeará 12 membros para a Comisión de posgrao propio. Tódolos seus membros serán Catedráticos/as ou Profesores/as Titulares da USC, garantindo a presenza dos campus de Santiago e Lugo e das cinco grandes áreas.
3. O/A Subdirector/a e o/a Secretario/a académico/a serán nomeados polo/a Reitor/a, a proposta do/a

Vicerreitor/a, de entre os membros da Comisión propostos polo Consello de Goberno. Cesarán por dimisión ou por decisión do/a Reitor/a, a proposta do/a Vicerreitor/a.

4. A Comisión de Posgrao Propio terá unha Comisión Permanente integrada polo/a Presidente/a, o/a Vicerreitor/a Adxunto/a, o/a Director/a, o/a Subdirector/a, o/a Secretario/a académico/a e tres membros da Comisión elixidos por esta. A Comisión Permanente resolverá os asuntos de trámite e aqueles asuntos que lle sexan expresamente encomendados pola Comisión de Posgrao Propio.
5. O/a Secretario/a levantará acta e dará fe dos acordos da Comisión.
6. Son Competencias da Comisión de Posgrao Propio:
 - a. Aprobar as propostas de Cursos de Posgrao Propio e Formación Continua.
 - b. Levar a cabo o seguimento dos Cursos de Posgrao Propio e Formación Continua.
 - c. Aproba-las memorias remitidas polos directores dos Cursos de Posgrao Propios.
 - d. Tratar calquera outro tema a proposta do/a Presidente/a da Comisión de Posgrao Propio no ámbito dos estudos de Posgrao Propios e Formación Continua.

Art. 6 Réxime de Convocatorias

1. A convocatoria das Comisións corresponde ó/á Presidente/a.
2. A convocatoria deberá remitirse, cunha antelación de 72 horas, a tódolos membros da comisión mediante notificación na que se fará constar a orde do día, o lugar, día e hora da reunión. Esta notificación poderá efectuarse a través do correo electrónico da USC, sempre que os medios materiais o permitan.
3. En caso de urxencia ou prioridade non será necesario atender o prazo de antelación de 72 horas. Os motivos de urxencia ou gravidade serán confirmados por maioría absoluta dos membros da Comisión na sesión correspondente.

Art. 7 Das reunións das Comisións

Para a válida constitución das Comisións de Doutoramento e de Posgrao será necesaria en primeira convocatoria a maioría absoluta dos seus membros, sendo imprescindible a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a. En segunda convocatoria, que

se entenderá convocada para media hora máis tarde, constituirase validamente cun cuarto dos seus membros e sempre coa presenza do/a Presidente/a ou persoa en quen delegue e o/a Secretario/a, ou persoa que o substitúa.

Art. 8 Adopción de acordos

Os acordos adoptaranse por asentimento, por unanimidade ou por maioría dos asistentes. As votacións serán a man alzada ou secretas, cando así se solicite.

Non se admitirá delegación de voto nin voto anticipado para a adopción de acordos.

Art. 9 Recursos

Os acordos adoptados polas Comisións serán executados polo/a Director/a. Contra esas resolucións poderá interpoñerse recurso de alzada ante o /a Reitor/a no prazo de un mes.

Art. 10 Reforma do Regulamento

A proposta de reforma e adaptación do Regulamento de Réxime Interno do Centro, para a súa aprobación polo Consello de Goberno, corresponderalle ao/á Vicerreitor/a, oído o Equipo de Goberno do Centro.

Disposición Adicional

Consello de Participación Universitaria do CPTF

1. Créase o Consello de Participación Universitaria do CPTF como órgano consultivo e de participación da comunidade universitaria implicada nos estudos e na xestión administrativa do CPTF.

2. Son funcións do Consello de Participación Universitaria:

a) Presentar ao Equipo de Goberno do CPTF opinións e suxestións para o mellor desenvolvemento da oferta formativa que se xestiona dende o CPTF

b) Achegar propostas para a mellora da xestión administrativa que se realiza no CPTF.

c) Ser informado dos programas e cursos aprobados polas Comisións de Doutoramento e Posgrao Propio.

d) Coñecer as liñas xerais de actuación establecidas polo Equipo de Goberno do CPTF.

3. O Consello de Participación Universitaria estará integrado por:

- O Equipo de Goberno do CPTF.
- Dous estudantes de Terceiro Ciclo.
- Dous estudantes de Posgrao Propio.
- Un membro do persoal docente e investigador contratado
- Un membro do PAS.

Os estudantes, o membro do persoal docente e investigador contratado e o membro do PAS serán nomeados polo/a Reitor/a a proposta do Consello de Goberno por un período de dous anos, e manterán a súa condición en tanto continúen con vinculación co CPTF.

Disposición Final:

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da USC.